

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL

3700 *Real decreto 143/2021, do 9 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.*

Á hora de analizar a situación actual do mercado de traballo en España, que se viu golpeado polas medidas extraordinarias tomadas para facer fronte á pandemia da COVID-19, é destacable o feito de que do total dos case 23 millóns de españois que conforman a poboación activa do noso país, 11.043.300 persoas, equivalente a un 48,02 %, teñen un nivel de formación que non as capacita profesionalmente (ou carecen de documentos oficiais que o acrediten). Isto fai que algúns profesionais españois, especialmente daqueles sectores produtivos cunha regulación total ou parcial de actividade, perdan empregabilidade debido á falta de acreditación das súas competencias profesionais, ao ser esta acreditación (xeralmente carnés profesionais) un requisito específico para a certificación de traballos realizados.

O Centro Europeo para o Desenvolvemento da Formación Profesional (Cedefop) estima no horizonte de España do ano 2030 unha poboación activa total de 21.377.300, cun descenso dun 7,2 % respecto da actual. Apréciase tamén un serio desaxuste entre os niveis de cualificación previstos para España no ano 2030 e os que tería a Unión Europea que, dado que nesa data estaremos ante unha globalización xeral do mercado de traballo, e con independencia do efecto corrector que correspondese aos sectores produtivos e de prestación de servizos de cada país, evidencian un desequilibrio no caso español, cun exceso de persoas cun baixo nivel de cualificación (30 % en España fronte ao 15 % da Unión Europea) e unha necesidade de incrementar, polo menos en 10 puntos porcentuais, o número de cidadáns cun nivel medio de cualificación (32 % en España fronte ao 45 % da Unión Europea).

Neste marco tamén é importante destacar que, desde a implantación do procedemento do recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral en España, en 2009, as administracións educativas e laborais realizaron 231 convocatorias, cun total de 266.646 prazas para diferentes unidades de competencia incluídas nas cualificacións profesionais do Catálogo nacional de cualificacións profesionais. Se se compara coa cifra xa identificada de 11 millóns de persoas sen acreditación da súa cualificación profesional, este procedemento chegou ao 2,42 % dos seus potenciais beneficiarios en 10 anos.

Polo tanto, a formación e acreditación no ámbito profesional é un elemento crítico para a empregabilidade dos cidadáns e foi, entre outras, unha das causas da maior incidencia que a crise económica e financeira tivo en España, en termos de emprego e, previsiblemente, será tamén un elemento fundamental para a recuperación da nova crise xerada pola pandemia de COVID-19.

Co fin de crear un ecosistema de relanzamento económico desde a aposta polo capital humano e o talento, aprobouse recentemente o Plan de modernización da formación profesional, que ten entre os seus principios a xeneralización dos procedementos de recoñecemento e acreditación da competencia profesional da poboación activa, en particular, das persoas expulsadas do mercado laboral durante a crise da COVID-19.

Neste contexto e co obxectivo de proporcionar, por unha banda, respostas oportunas ás necesidades de carácter excepcional derivadas das medidas adoptadas para facer fronte á pandemia da COVID-19, así como ás necesidades estruturais arriba expostas, a norma ten por obxecto adaptar ao contexto actual o marco procedemental para a avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación mediante a súa publicación, e

flexibilizar o procedemento para facer posible a realización dos obxectivos establecidos no Plan de modernización da formación profesional.

Este real decreto ten en conta o marco de distribución de competencias na materia e, así, prevé un conxunto de disposicións que poderán ser aplicadas polas administracións públicas competentes, respectando en todo caso as competencias propias das comunidades autónomas e as necesidades de adaptación aos seus respectivos territorios.

O presente real decreto axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En concreto, é acorde cos principios de necesidade e eficacia, xa que a norma proxectada se basea nunha identificación clara dos fins perseguidos e é o instrumento máis axeitado para garantir a súa consecución; co principio de proporcionalidade, xa que a norma contén a regulación imprescindible para atender a necesidade que se vai cubrir, pois non implica restricións de dereitos nin impón novas obrigas aos seus destinatarios; co principio de seguridade xurídica, xa que a norma contribúe a reforzar o dito principio, pois, ademais de ser coherente co resto do ordenamento xurídico, favorece a súa certeza e claridade; co principio de transparencia, xa que se ofreceu aos potenciais destinatarios a posibilidade de participar na elaboración da norma, ao incluír o acceso aos documentos propios do seu proceso de elaboración e o feito de que a norma define claramente os seus obxectivos, reflectidos no seu preámbulo e na memoria adxunta; e é coherente co principio de eficiencia, en canto que persegue o interese xeral, dado que adapta o marco procedemental que poden iniciar os cidadáns interesados en obter a avaliación e acreditación das súas competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación ao contexto actual e permite unha xestión máis eficiente dos recursos públicos.

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1, 1.^a, 7.^a e 30.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, a lexislación laboral e a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e as normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, emitiu ditame o Consello Escolar do Estado e informe o Consello Xeral da Formación Profesional e o Ministerio de Política Territorial e Función Pública, segundo o previsto no artigo 26.5, parágrafo sexto da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Formación Profesional, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, oído o Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de marzo de 2021,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.*

O Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, queda redactado nos seguintes termos:

Un. Modifícanse os puntos 1, 2, 3, 4 e 7 do artigo 10, coa redacción seguinte:

«1. As administracións competentes manterán aberto un procedemento de avaliación e acreditación das competencias profesionais, adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, con carácter permanente. Este procedemento permanente estará referido á totalidade das unidades de competencia profesional incluídas na oferta existente de formación profesional de cada comunidade autónoma vinculada ao Catálogo nacional das cualificacións profesionais.

2. As administracións competentes garantirán o inicio do procedemento para cada cidadán de acordo cos prazos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O prazo máximo para resolver será de seis meses desde que a solicitude teña entrada no rexistro electrónico da Administración competente para a súa tramitación. No caso de que non se dite resolución expresa no prazo, a solicitude presentada entenderase desestimada por silencio administrativo.

3. As administracións competentes, en colaboración cos interlocutores sociais, promoverán a máxima difusión do procedemento, así como a información e orientación a que se refire o artigo 8, polo menos nos centros educativos que imparten ensinanzas de formación profesional, nos centros de educación para persoas adultas, nos centros autorizados para impartir formación profesional para o emprego e nas oficinas de emprego.

4. As administracións competentes darán publicidade:

- a) Aos lugares e medios para formalizar as inscricións.
- b) Aos centros en que se desenvolverá o procedemento en función do sector produtivo ao cal estean asociadas as unidades de competencia que se van acreditar.
- c) Ao procedemento e aos prazos para presentar reclamacións ao resultado da avaliación das unidades de competencia.

7. Para o acceso eficaz das persoas que están traballando aos procesos de avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral e doutras aprendizaxes non formais poderanse utilizar os permisos individuais de formación, de acordo co que establece o Ministerio de Traballo e Economía Social en desenvolvemento do artigo 29 do Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral».

Dous. Modifícanse os puntos 1.c).1) e 2) e 1.d) do artigo 11, coa redacción seguinte:

«c) Ter experiencia laboral e/ou formación relacionada coas competencias profesionais que se queren acreditar:

1) No caso de experiencia laboral, xustificar polo menos 3 anos, cun mínimo de 2.000 horas traballadas en total, nos últimos 15 anos transcorridos antes da presentación da solicitude. Para as unidades de competencia de nivel I requíranse 2 anos de experiencia laboral cun mínimo de 1.200 horas traballadas en total.

2) No caso de formación, xustificar polo menos 300 horas, nos últimos 10 anos transcorridos antes da presentación da solicitude. Para as unidades de competencia de nivel I requíranse polo menos 200 horas. Nos casos en que os módulos formativos asociados á unidade de competencia que se pretende acreditar sexan dunha duración inferior, deberanse acreditar as horas establecidas nos ditos módulos.

d) Nos casos en que as unidades de competencia profesional que se van valorar contén, pola súa natureza, con requisitos adicionais, posuír o documento xustificativo de cumprir cos ditos requisitos».

Tres. Modifícase o artigo 19 coa redacción seguinte:

«A acreditación dunha unidade de competencia adquirida por este procedemento ten efectos de acreditación parcial acumulable de acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei orgánica 5/2002, do 19 xuño, das cualificacións e da formación profesional, coa finalidade, se é o caso, de completar a formación conducente á obtención do correspondente título de formación profesional ou certificado de profesionalidade.

A Administración competente recoñecerá as unidades de competencia acreditadas, que producirán os seguintes efectos.

- a) Validación dos módulos profesionais correspondentes, segundo a normativa vixente, e que se establece en cada un dos títulos.
- b) Exención dos módulos formativos asociados ás unidades de competencia dos certificados de profesionalidade, segundo a normativa vixente, e que se establece en cada un dos certificados».

Catro. Modifícase o artigo 25 coa redacción seguinte:

«1. Os requisitos que deberán concorrer en todo caso para obter das administracións competentes a habilitación para exercer as funcións de asesoramento e/ou avaliación son os que se indican a seguir segundo os perfís profesionais que se distinguen:

- a) O profesorado pertencente aos corpos de catedráticos, profesores de ensino secundario ou profesores técnicos de formación profesional, con atribución docente na familia profesional correspondente, deberán acreditar polo menos catro anos de experiencia docente impartindo módulos profesionais asociados a cualificacións profesionais da dita familia.

- b) Os formadores e formadoras de formación profesional deberán acreditar unha experiencia docente de polo menos catro anos impartindo módulos formativos asociados a cualificacións profesionais cuxas unidades de competencia son obxecto de acreditación.

- c) Os profesionais expertos no sector produtivo e nas cualificacións profesionais cuxas unidades de competencia sexan obxecto de acreditación deberán acreditar unha experiencia laboral no dito sector de polo menos catro anos. Estes profesionais deberán, así mesmo, superar un curso de formación específica organizado ou supervisado polas administracións competentes.

- d) Os profesionais dos perfís a) e b) anteriores, cando contén polo menos con experiencia docente de dous anos impartindo módulos profesionais ou formativos asociados a cualificacións profesionais cuxas unidades de competencia sexan obxecto de acreditación, deberán acreditar polo menos dous anos de experiencia laboral no sector produtivo e nas cualificacións profesionais cuxas unidades de competencia sexan obxecto de acreditación.

2. As administracións competentes poderán convocar cursos de formación específica que faciliten a avaliación de determinadas unidades de competencia. Os contidos do curso tomarán como referente o establecido nos anexos IV e V.

3. As persoas designadas polas administracións competentes poderán intervir no procedemento tanto en calidade de asesoras como de avaliadoras, e non poderán asumir o asesoramento e a avaliación no caso dun mesmo candidato».

Cinco. Modifícase o artigo 26 coa redacción seguinte:

«En cada ámbito territorial, as administracións responsables do procedemento nomearán as comisións de avaliación das diferentes especialidades ou familias profesionais necesarias para atender o procedemento naquelas unidades de competencia solicitadas polos candidatos. As administracións responsables garantirán a adecuación destas comisións ás necesidades que en cada momento do procedemento aberto se produzan».

Seis. Modifícanse os puntos 1 e 5 do artigo 27 coa redacción seguinte:

«1. Cada comisión estará formada por un mínimo de cinco persoas acreditadas para avaliar: unha que desempeñará a presidencia, outra a secretaría e polo menos tres como vogais. Garantirase a presenza de avaliadores tanto do sector formativo

como do produtivo. Excepcionalmente, as administracións competentes poderán adaptar a composición e o funcionamento das comisións de avaliación co fin de garantir a eficacia do procedemento.

5. O establecido en materia de órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, seralle de aplicación á constitución destas comisións naquilo que proceda».

Sete. Modifícase o artigo 29 coa redacción seguinte:

«1. Os centros públicos que imparten ensinanzas de formación profesional do sistema educativo, os centros integrados públicos de formación profesional e os centros de referencia nacional quedan autorizados para desenvolver as distintas fases do procedemento nos termos establecidos no presente real decreto.

2. Os centros integrados de formación profesional privados concertados poderán ser autorizados pola Administración competente en cada ámbito territorial para desenvolver as distintas fases.

3. Cando sexa necesario, a Administración competente poderá determinar outras sedes para a realización dalgunhas das fases, que cederán as súas instalacións e servizos. Para estes efectos poderanse utilizar outros centros que imparten formación profesional ou outros espazos situados fóra dos centros docentes cando se considere adecuado. Nestes casos, a Administración competente poderá subscribir convenios con empresas ou outras entidades públicas ou privadas».

Disposición transitoria única. *Procedementos iniciados con anterioridade.*

As administracións competentes finalizarán os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto de acordo coa normativa vixente no momento en que se iniciaron. Non obstante, poderán acollerse á regulación establecida neste real decreto se consideran que esta última é máis favorable aos intereses dos cidadáns.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de marzo de 2021

FELIPE R.

A ministra de Educación e Formación Profesional,
MARÍA ISABEL CELAÁ DIÉGUEZ